



Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPESCA)

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don -----, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, -----, en calidade de representante legal da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPESCA) coas facultades recoñecidas en escritura de apoderamento de data 30 de xullo de 2009, outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. -----, e con nº de protocolo 1992.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

1. Que ANFACO-CECOPESCA con CIF G-36.625.309, enderezo na Ctra. Colegio Universitario, nº 16, C.P 36310, Vigo (Pontevedra), é unha entidade sen ánimo de lucro.
2. Que ANFACO-CECOPESCA é unha asociación que realiza unha importante labor de apoio e prestación de servizos a sociedade, fomentando a divulgación e promovendo a cultura e o patrimonio do galego, co obxectivo de acercar e valorizar a nosa cultura industrial e da memoria do traballo do sector industrial transformador de produtos da pesca e da acuicultura, ofrecendo un servizo directo a mais de 225 empresas de Galicia.
3. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten a vontade de potenciar a realización de actividades culturais, educativas e de investigación sobre a industria transformadora de peixes e mariscos.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e ANFACO-CECOPESCA de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de actividades no ámbito cultural, educativo e de investigación do sector industrial transformador dos produtos do mar e da acuicultura.

Esta colaboración materializarase nos seguintes campos de actuación:

- Desenvolvemento de actividades culturais sobre o sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura.
- Desenvolvemento de actividades de dinamización do uso da lingua galega no sector económico empresarial.
- Realización de actividades educativas para o fomento dunha alimentación saudable, e como os produtos do mar e da acuicultura son uns ingredientes imprescindibles dunha dieta alimenticia sa.



- Desenvolvemento de actividades formativas, para o fomento de actividades de formación especializadas para o sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura.
- Realización de actividades que melloren as competencias do alumnado, favorezan a súa inserción laboral e promovan a realización de proxectos empresariais.
- Outras actividades que ambas as entidades acorden levar a cabo e que sexan de interese para ambas as partes.

Segunda. Contido do convenio

Para a consecución do obxectivo citado, ambas as partes consideran que existen consideracións de carácter social e educativo, en materia de divulgación cultural, formación e colaboración a realizar polos sectores representados pola Asociación e o seu desenvolvemento de xeito conxunto, en base ao traballo que as dúas entidades teñen confiada.

Terceira. Obrigas das partes

Ambas as partes proporcionarán a información necesaria para o óptimo desenvolvemento das accións descritas, as cales deberán respectar o seu carácter confidencial durante o ámbito de vixencia do presente convenio.

A definición, concreción e planificación das referidas actividades poderanse, no seu caso, plasmar na ou nas addendas que correspondan.

Cuarta. Anexos singulares de desenvolvemento do convenio

Cada un dos aspectos recollidos na cláusula primeira deste convenio, poderá ser obxecto de desenvolvemento e concreción por medio de anexos, que coa mesma consideración xurídica e os mesmos efectos vinculantes, reflectirán os compromisos adicionais que asuman as partes.

Quinta. Comisión mixta

Como órgano de vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta de seguimento que se reunirá un mínimo dúas veces ao ano e estará constituída por:

- a. Dous/dúas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



- b. Dous/dúas representantes de ANFACO-CECOPESCA.
- c. Un/ha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario/a.

Sexta. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e ANFACO-CECOPESCA que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Sétima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Vixencia

O convenio terá unha vixencia dun ano dende a data da súa firma, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. O acordo poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento e con dous meses de antelación á finalización do período de vixencia previsto do convenio.

Novena. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.



XUNTA
DE GALICIA



Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pola Asociación Nacional de Fabricantes de
Conservas de Pescados y Mariscos
(ANFACO-CECOPESCA)
